

↑ La Buena Letra (Celia Rico Clavellino) ESTREA 30 DE ABRIL.

NUMAX PRESENTA:

89 | MAIO 2025



Librería




Libros inclasificables

En maio comezamos *Dicir as marxas* cun encontro sobre libros que mesturan xéneros e disciplinas, e que nos fan dar voltas pola librería pensando cal é a sección na que deben estar. É por iso que xuntamos aquí algúns títulos que representan esta resistencia á clasificación.



Persona
José Carlos
Agüero
COMISURA | 19€



**Tesouro
espeleolóxico
galego**
Clube
Espeleolóxico
Maúxo, Alba Cid
ACENTRAL
FOLQUE | 30€



White Girls
Hilton Als
LOS TRES
EDITORES | 24.90€



**Pequeno
álbum de
Nova York
en inverno**
Berta Dávila,
Carlos Meixido
RODOLFO E
PRISCILA | 15€



**Passeggiate.
De viaje por
Italia**
Gregor von
Rezzori
TEMPORAL | 20,90€



**Cuaderno
secreto**
Luigi
Pirandello
LA UÑA ROTA | 15€



Japón eterno
Laureline
Amanieux,
Amélie Nothomb
ANAGRAMA | 22.90€



Seismil
Laura
C. Vela
NIÑOS GRATIS*
14€



**La cobla
patafísica
2015-2001**
CaboSanRoque
FABULATORIO | 25€



**Borderlands /
La frontera**
Gloria Anzaldúa
CAPITAN SWING | 20€

Estamos na
**FEIRA DO
LIBRO DE
SANTIAGO**
Do 03 ao 11 de maio
na Alameda.



Descostos do 10%
en todos os libros

Presentacións | Maio 2025

MÉRCORES 14 DE MAIO ÁS 19:00H

Presentación de *Todo es verdad porque nadie mira* (PLASSON & BARTLEBOOM) de **Estela Gómez**.
A autora estará acompañada polo escritor **Xacobe Pato**.

VENRES 16 DE MAIO ÁS 19:00H

Presentación de *O tenro é o salvaxe* (GALAXIA) de **Samuel L. Paris**.
O autor estará acompañado por **Tamara Andrés**,
directora da colección.

MÉRCORES 21 DE MAIO ÁS 19:00H

Presentación de *A falsa autónoma* (XERAIS) de **Yolanda Castaño**.
A autora estará acompañada polo escritor **Ismael Ramos**.

XOVES 22 DE MAIO ÁS 19:00H

Presentación de *Arquitectura de la discapacidad* (BARTLEBOOTH) de **David Gissen** pola avogada cultural **Alba Enríquez** e a arquitecta **Belén Vaz**.

MARTES 27 DE MAIO ÁS 19:00H

Presentación de *Seismil* (NIÑOS GRATIS*) de **Laura C. Vela**.



MARXES

01

28 de maio
20.00H

Laura C. Vela
Alba Cid

Onde coloco este libro?
Os límites dos xéneros
diante dos libros mutantes

DICIR

NUMAX **10**
numax.org

Entidade subvencionada polo
 **Deputación**
DA CORUÑA

AS

RETROSPECTIVA

ALFONSO ZARAUZA

30 ANOS
DE CINEMA

ABRIL
MAIO
2025

SÁBADO 26 DE ABRIL | 21:00H
**A NOITE QUE DEIXOU DE
CHOVER (2008)**
+ **A DANZA
DE KATIUSKA (1998)**

MARTES 29 DE ABRIL | 19:45H
ENCALLADOS (2013)
+ **FLÂNEUR EN
COMPOSTELA (2020)**

MARTES 6 DE MAIO | 19:30H
OS FENÓMENOS (2014)
+ **TORO (2004)**

MÉRCORES 14 DE MAIO | 19:40H
**A VIAJE DOS
CHÉVERE (2014)**
+ **PONTEVEDRA, HORA
CERO (2023)**

MARTES 20 DE MAIO | 19:30H
ONS (2020)
+ **INTÉRPRETES (2021)**

MARTES 27 DE MAIO | 19:40H
MALENCOLÍA (2021)
+ **SEBASTIÁN (2001)**

NUMAX **10**
numax.org



Cinema

**Filme
do mes:**



ANTES DE NÓS ESTREA 23 MAI

Ángeles Huerta, 85', GAL, VO

Con Xoán Fórneas, Cris Iglesias, Nancho Novo

Unha parella, dous intres. Un baile continuo de separación e reencontro. Dúas historias entrelazadas. 1918, Castelao deixa a súa praza de funcionario en Pontevedra para traballar como médico en Rianxo durante a gripe española. Un heroe para o pobo pero un home ausente para a súa muller, Virxinia. 1919, o matrimonio percorre Bretaña poucos meses despois da perda do seu único fillo. Dous seres rotos e un vínculo que xa non se entende. Unha viaxe que os vai unir para sempre. Castelao antes de ser Castelao. Galicia antes da Xeración Nós. Castelo e Virxinia antes de ser «nós».

i Presentación e coloquio coa directora

📖 *Castelao. Construtor da nación. (1886-1930)* Miguel Anxo Seixas Seoane | Galaxia, 45€



i Presentación e coloquio
coa directora | 11 MAI

b *La buena letra*
Rafael Chirbes |
Anagrama, 10,90€

LA BUENA LETRA

ESTREA 30 ABR

Celia Rico Clavellino, 110', ESP, VO, +12

Con Loreto Mauleón, Enric Auquer

Nunha vila valenciana, durante a posguerra, Ana trata de saír adiante coa súa familia e curar a ferida a base de guisos, segredos e silencios, pero cando Isabel, recentemente casada con Antonio, chega á familia, as atencións e coidados de Ana valerán de pouco ou nada: o sacrificio non sempre ten a súa recompensa.

🏆 Mención Especial do Xurado Málaga 2025



UNA QUINTA PORTUGUESA

ESTREA 9 MAI

Avelina Prat, 114', ESP, VO, TP

Con Manolo Solo, María de Medeiros

A desaparición da súa muller deixa a Fernando, un tranquilo profesor de Xeografía, completamente devastado. Sen rumbo, suplanta a identidade doutro home como xardineiro dunha quinta portuguesa, onde establece unha inesperada amizade coa dona, adentrándose nunha nova vida que non lle pertence.

🏆 Sección Oficial Málaga e BAFICI 2025



THE SLEEPER. EL CARAVAGGIO PERDIDO

ESTREA 14 MAI

Álvaro Longoria, 78', ESP/ING, VOSE, TP

Thriller documental sobre o descubrimento dun cadro perdido de Caravaggio que durante anos estivo pendurado no salón dunha familia madrileña que o pon nunha poxa por só 1500€. Tras ser reconecido por expertos e marchantes de arte desátase unha intensa carreira por adquirilo.

🏆 Sección Oficial Málaga 2025

Estreas



ERNEST COLE: LOST AND FOUND ESTREA 16 MAI

Raoul Peck, 105', ING, VOSE
Con Lakeith Stanfield

O fotógrafo sudafricano, Ernest Cole, foi o primeiro en dar conta dos horrores do Apartheid. O seu libro *House of Bondage* (1967) levouno ao exilio. Raoul Peck relata a súa axitación como artista e a súa rabia ante o silencio do mundo occidental fronte ao Apartheid.

🏆 Nomeado a Mellor Documental César 2024



ALMUDENA ESTREA 16 MAI

Azucena Rodríguez, 80', ESP, VO
Con Almudena Grandes

Almudena Grandes finou. O filme quere manter viva a súa memoria, celebrar a súa vida e a súa obra sen esquecer o doloroso baleiro que deixou a súa morte. Luis García Montero adéntrase neste baleiro e completa o retrato íntimo da escritora.

🏆 Pase Especial Málaga 2025

📖 *Almudena. Una biografía*
Ana Jarén & Aroa Moreno Durán |
Lumen, 21,90€



LOS TORTUGA ESTREA 23 MAI


Belén Funes, 109', ESP, VO, +12

Con Antonia Zegers, Elvira Lara, Mamen Camacho

Anabel vive coa súa nai, unha taxista chilena emigrada. As súas vidas van mudar para sempre. A inmobiliaria dálles que deben deixar a vivenda porque foi adquirida por un fondo voitre.

🏆 Premio especial do Xurado, Dirección e Guión Málaga 2025

Petís Numax



A MIÑA VIDA AO GRANDE PASES ÚNICOS 10-11 MAI

Kristina Dufková, 80', VE, +7

Un neno sofre acoso escolar polo seu peso e quere darlle volta á situación facendo dieta e tentando conquistar a rapaza dos seus soños.

🏆 Premio Especial do Xurado Annecy 2024

Pioneiras



CURTAMETRAXES **GERMAINE DULAC** PASE ÚNICO 8 MAI

Germaine Dulac, 57', FR, VOSE

Curtas dunha das primeiras cineastas en fusionar o pensamento feminista coas vangardas artísticas dos anos 20. De Germaine Dulac proxectaremos 4 obras dirixidas entre 1927 e 1929: *Thèmes et variations* (10'), *L'invitation au voyage* (36'), *Celles qui s'en font* (6') e *Étude cinégraphique sur une arabesque* (5').

Pases especiais



- i** Presentación e coloquio en liña coas autoras no Día dos Dereitos das Persoas con Discapacidade.

CÓDIGO MARCOS PASE ÚNICO 3 MAI

Patricia Pérez Fernández / Liena

Cid Navia, 79', ESP, VO

Liena, muller migrante, divorciada e con dous fillos: Pablo e Marcos, diagnosticado con autismo. Durante case dez anos, ela filma incansablemente, primeiro como ferramenta para estimular a interacción de Marcos, e logo como rexistro da súa propia maternidade. A falta de referentes, precisa crear o seu e verse na pantalla. .



- i** A recadación irá destinada á Plataforma Ulloa Viva.

O ULLA SI! PASE ÚNICO 4 MAI

Fundación Entretantos / Festival Agrocuir / Plataforma Ulloa Viva, 65', ESP/GAL, VO

Documental colectivo de denuncia do proxecto da macrocelulosa de Altri. O filme convidanos a escoitar as voces veciñais e expertas que defenden o territorio e alertan do impacto medioambiental que suporía na comarca da Ulloa.



- i** Presentación e coloquio co director, Belén Rodríguez (ADEGA) e Patricia Gamallo (Amil sen eólicos)

VIDAS **IRRENOVABLES**

PASE ÚNICO 15 MAI

Francisco José Vaquero Robustillo, 90', ESP, VO

A instalación de fontes de enxía renovables está a destrozар ecosistemas, economías e sociedades do mundo rural. O documental filma o movemento de resistencia daquelas persoas que se negan a ver morrer a súa terra.

Os ollos verdes



i Presentación de Jesús Silva e coloquio en liña con Adrián Orr | 5 MAI



i Presentación e coloquio co director

A NUESTROS AMIGOS

PASE ÚNICO 5 MAI

Adrián Orr, 90', ESP, VO, +12

Con Sara Toledo, Pedro Izquierdo

A Sara e Pedro, mozos dun barrio de clase traballadora de Madrid, encántalles liala xuntos. Pero durante as vacacións de verán Sara fai novos amigos que a introducen noutro mundo, o do teatro.

🏆 Sección Oficial Punto de Encuentro SEMINCI 2024

LOS REINOS PASE ÚNICO 21 MAI

Manuel Muñoz, 70', ESP, VO

Con Sofía Grisales, Marlon Weber

Manuel e a súa parella Sofía recrean intres da súa convivencia xogando a actuar de si propios. Como unha voz do alén, Marlon narra a historia da súa inminente separación. Tegucigalpa, Bos Aires e Hamburgo son os escenarios da súa despedida.

🏆 Premio Latexos Novos Cinemas 2024

In memoriam



ROSETTA PASE ÚNICO 10 MAI

Jean-Pierre Dardenne / Luc Dardenne, 91', FR, VOSE, 1999

Con Émilie Dequenne, Fabrizio Rongione

Rosetta é unha moza que vive nunha caravana coa súa nai alcólica e o único que desexa é atopar un traballo digno. Con esta proxección queremos homenaxear a recentemente falecida Émilie Dequenne (1981-2025).



EMILY - THIRD PARTY SPECULATION + BERLIN HORSE + WHO IS EMILY? PASE ÚNICO 22 MAI

Malcolm Le Grice / Alberte Pagán, 62' + 7' + 1', VOSG

Homenaxe a un dos maiores autores do cinema experimental británico, Malcolm Le Grice (1940 - 2024), coa mítica *Berlin Horse* na versión para 2 pantallas, e *Emily - Third Party Speculation*. A sesión complétase coa estrea da curta *Who is Emily?* de Alberte Pagán.

i Presentación de Alberte Pagán, programador da sesión

↑ La buena tierra (Celia Rico Clavellino) ESTRENA 30 DE ABRIL.



NUMAX 10 años

numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA **Agencia**
GGGGGG **Gráfica**

  @numaxcoop